

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE A TRAVÉS DO LABORATORIO DE SAÚDE PÚBLICA PARA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS DENTRO DO ÁMBITO TERRITORIAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, nomeado polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, que intervéen en base ao sinalado no artigo 3 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de acordo coas competencias que lle corresponden segundo o disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento desta addenda e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Segundo.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde pública e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

Terceiro.- A Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva Marco da Auga, DMA), establece a necesidade de implantar diferentes programas de monitorización que permitan determinar o estado das masas de auga, incluídas as augas soterradas. Augas de Galicia é o organismo de conca responsable do control da calidade da auga no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Por outra banda, a Directiva 2006/118/CE, relativa á protección das augas subterráneas contra a súa contaminación e o seu deterioro (en adiante DAS), entrou en vigor o 16.01.2007 e foi trasposta ao marco legislativo estatal a través do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro. Ademais das disposicións





relativas ao estado químico das augas subterráneas, este real decreto establece as medidas para determinar e inverter as tendencias significativas e sostidas ao aumento das concentracións de contaminantes e para previr ou limitar as entradas de contaminantes nas augas subterráneas.

Así, para coñecer o estado actual da calidade das augas subterráneas é preciso analizar en laboratorio diversos parámetros de calidade das augas en determinados puntos de control de augas subterráneas.

Cuarto.- O Servizo de Laboratorio de Saúde Pública da Consellería de Sanidade ten, entre outras, a función da execución das análises que se lle encomenden en materia de saúde pública. Conta con medios técnicos e humanos necesarios para a realización da análise dos parámetros precisos para coñecer o estado actual da calidade das augas subterráneas.

Quinto.- A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do seu sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Pola súa parte, o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Por todo o exposto, a Consellería de Sanidade e Augas de Galicia conveñen formalizar este acordo de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do acordo de cooperación

Este acordo ten por obxecto regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise en laboratorio de



parámetros de calidade das augas nos puntos de control de augas subterráneas indicados no anexo I

Segunda. Obrigas da Consellería de Sanidade

Para o desenvolvemento e execución deste acordo, a Consellería de Sanidade a través do Servizo de Laboratorio de Saúde Pública, comprométese a:

1. Realizar os traballos de análise dos parámetros indicados no anexo II, de acordo cos métodos de medida de referencia contemplados na lexislación que sexa de aplicación. O método analítico utilizado debe estar validado, sendo o punto fundamental que o mesmo alcance os límites de detección e cuantificación necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade e que permita cumprir a normativa vixente en materia de calidade das augas.
2. O Laboratorio de Saúde Pública proporcionará os procedementos analíticos a utilizar no desenvolvemento dos traballos. A descrición das metodoloxías a empregar incluírá as características de precisión e exactitude que presentan, así como os límites de detección e cuantificación. A expresión dos resultados estará acorde cos criterios de referencia utilizados.
3. Entregar os resultados das analíticas enriba citadas nun prazo inferior a dous meses a contar dende que Augas de Galicia lles entrega as mostras.

A entrega dos resultados será en dixital e cun formato compatible coas bases de datos existentes en Augas de Galicia.

4. Asegurarase que a antelación da entrega dos resultados sexa suficiente, de xeito que Augas de Galicia cumpra cos prazos establecidos no proceso de planificación hidrolóxica.

Terceira. Obrigas de Augas de Galicia

Para o desenvolvemento e execución deste acordo Augas de Galicia, comprométese a:

1. Levar as mostras que se deben analizar ao Laboratorio de Saúde Pública.
2. Remitir periodicamente o planning de mostraxe que se vaia levar a cabo para que Laboratorio de Saúde Pública estea informado en todo momento da planificación dos traballos, así como para, no caso de ser necesario, poder propoñer modificacións ao respecto.
3. Compensar os custos que a realización dos citados análises leven consigo, de acordo co establecido na cláusula cuarta

Cuarta.- Compensación de custos

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará á Consellería de Sanidade polos custes nos que incorra para a realización das análises,



que se estiman nunha cantidade máxima de catrocentos corenta e nove mil cincocentos sesenta e oito euros con vine e catro céntimos (449.568,24 €), con cargo á conta 6299 "Outros servizos" do Plan Xeral de contabilidade pública de Galicia, distribuídos nas seguintes anualidades:

2021: 56.196,03 €

2022: 224.784,12 €

2023: 168.588,09 €

A citada cantidade inclúe todos os impostos, tributos e taxas que, no seu caso, compra aplicar.

O importe aboarase á Xunta de Galicia mensualmente unha vez que a dirección técnica de Augas de Galicia emita o informe de conformidade á certificación dos gastos presentada polo Laboratorio de Saúde Pública, que inclúa os traballos desenvolvidos no mes de referencia.

O ingreso realizarase mediante transferencia ao número de conta da Xunta de Galicia que o Laboratorio de Saúde Pública comunique.

Quinta. Comisión de seguimento

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste acordo. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio

Sexta. Propiedade dos traballos

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste convenio é compartida por Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade.

Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade poderán facer uso da información derivada da execución deste acordo para exercer axeitadamente as súas competencias, facéndose en calquera caso mención explícita dos obxectivos e dos organismos implicados na consecución dos resultados.

As partes obríganse a non difundir sen autorización a información confidencial facilitada pola outra parte e os resultados derivados do desenvolvemento deste acordo.

Sétima. Duración do acordo

Este acordo de colaboración terá eficacia logo da súa sinatura por todas as partes e da formalización do contrato de *Servizo para a explotación da rede de control de augas subterráneas no ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa* (clave OH.788.394), a súa vixencia rematará o mesmo día que o citado contrato.



Oitava. Resolución e rescisión do acordo

Este acordo poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución deste acordo de cooperación, previa denuncia de algunha das partes:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no acordo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

Novena. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décima. Publicidade

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Protección de datos e carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes electronicamente este documento.

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle
O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña*



ANEXO I: PUNTOS E PROGRAMAS DE CONTROL



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIGO MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0010	620.936,89	4.833.869,37	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0030	597.855,62	4.826.508,30	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	
14.GW.0050	631.176,35	4.808.826,16	14.016	RIBADEO-VALDOURO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0060	590.318,14	4.832.351,16	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0070	601.579,26	4.809.453,80	14.012	EUME	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0090	593.070,43	4.812.664,31	14.013	EUME	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP29
14.GW.0100	579.250,32	4.837.763,22	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	
14.GW.0120	578.231,32	4.805.397,18	14.012	EUME	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0130	570.232,70	4.794.549,84	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0140	575.765,43	4.785.283,57	14.010	MERO - MANDEO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	
14.GW.0150	568.628,24	4.773.006,00	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0160	579.514,77	4.753.454,90	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIG O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0170	538.597,54	4.791.809,49	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0180	532.070,52	4.793.975,82	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0190	563.079,00	4.734.348,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0200	510.238,87	4.794.700,99	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	
14.GW.0210	559.761,76	4.722.663,82	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0220	518.284,35	4.752.114,42	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0260	550.865,96	4.709.595,44	14.017	INTERIOR SUR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0270	502.776,19	4.753.029,96	14.018	XALLAS	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0290	506.584,57	4.743.989,33	14.006	MUROS-NOIA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0300	490.981,90	4.762.568,45	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0310	529.293,09	4.716.876,73	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0330	489.765,68	4.753.655,55	14.008	CEE-CORCUBION	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0340	510.976,16	4.726.132,64	14.003	A BARBANZA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIG O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0350	492.604,23	4.740.754,32	14.008	CEE-CORCUBION	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0360	498.516,02	4.724.607,72	14.006	MUROS-NOIA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0370	517949,88	4705896,81	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP03
14.GW.0380	542.523,83	4.687.163,43	14.017	INTERIOR SUR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0390	519.352,93	4.684.459,13	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0410	510.641,59	4.637.933,88	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0420	502.818,22	4.777.550,14	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0430	536.122,51	4.735.158,85	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0440	587.029,15	4.734.407,29	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Manancial	
14.GW.0460	519.240,02	4.672.766,43	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ PROGRAMA DE CONTROL OPERATIVO	Fonte	
14.GW.0470	517.118,55	4.662.905,13	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ PROGRAMA DE CONTROL OPERATIVO	Fonte	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIG O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0480	570.707,57	4.820.992,70	14.014	SAN SADURNIÑO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Fonte	
14.GW.0490	558.882,72	4.799.286,19	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP16
14.GW.0500	539.661,06	4.764.545,65	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Fonte	
14.GW.0520	528.706,00	4.746.081,00	14.004	SANTIAGO - SAR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0530	538.722,00	4.793.728,00	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0540	588.259,00	4.842.329,00	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0550	506.029,00	4.783.891,00	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0560	600.556,00	4.832.766,00	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0570	507.230,00	4.760.532,00	14.018	XALLAS	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0580	565.000,00	4.820.345,00	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0590	555.136,00	4.748.919,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0600	500.586,00	4.718.242,00	14.003	A BARBANZA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIGO O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0610	577.680,00	4.746.046,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0620	539.075,00	4.751.493,00	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP10
14.GW.0630	574.988,00	4.820.192,00	14.014	SAN SADURNIÑO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0640	527.588,00	4.766.746,00	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0650	570.267,00	4.802.603,00	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0660	529.715,00	4.716.865,00	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0670	537.706,00	4.710.033,00	14.017	INTERIOR SUR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0680	548.968,00	4.725.611,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0690	573.371,00	4.724.122,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0700	510.333,00	4.650.366,00	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIG O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0710	534.556,00	4.694.813,00	14.017	INTERIOR SUR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0730	531.052,00	4.680.525,00	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ PROGRAMA DE CONTROL OPERATIVO	Piezómetro	
14.GW.0740	555.024,00	4.738.201,00	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0750	579.410,00	4.782.539,00	14.010	MERO - MANDEO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP14
14.GW.0770	523.357,00	4.783.208,00	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0780	632.852,00	4.811.338,00	14.016	RIBADEO-VALDOURO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0790	630.882,00	4.823.990,00	14.016	RIBADEO-VALDOURO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0800	527.759,00	4.731.025,00	14.004	SANTIAGO - SAR	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0810	543.971,00	4.758.824,00	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIG O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.0820	489.618,00	4.762.450,00	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0830	521.061,00	4.681.757,00	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0840	527.796,00	4.698.866,00	14.001	O MORRAZO - PONTEVEDRA - VIGO - BAIONA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	
14.GW.0850	650.673,00	4.821.998,00	14.016	RIBADEO-VALDOURO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.0860	511.089,00	4.776.677,00	14.009	COSTA DA MORTE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	
14.GW.9020	516.860,00	4.703.971,00	14.002	CALDAS - O SALNES	SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP31
14.GW.9050	530.488,00	4.731.445,00	14.005	ULLA	SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP07
14.GW.9070	505.497,00	4.759.865,00	14.018	XALLAS	SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP28
14.GW.9090	614.424,00	4.829.631,00	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Pozo	A SUBSTITUIR POLO 14.GW.NP22
14.GW.NP03	518.518,71	4.706.734,21	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.0370



CÓDIGO PUNTO	UTM X	UTM Y	CÓDIGO O MASA AUGA	DENOMINACIÓN MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	PROGRAMA DE CONTROL	TIPO	OBSERVACIÓNS
14.GW.N P04	522.127,94	4.710.764,54	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.9030 (INOPERATIVO)
14.GW.N P07	530.974,06	4.731.878,40	14.005	ULLA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.9050
14.GW.N P10	537.861,00	4.754.441,00	14.007	TAMBRE	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.0620
14.GW.N P14	580.661,62	4.778.248,45	14.010	MERO - MANDEO	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.0750
14.GW.N P16	552.412,70	4.795.294,57	14.011	CORUÑA - BETANZOS - ARES - FERROL	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.0490
14.GW.N P22	612.815,06	4.831.852,59	14.015	ORTEGAL - A MARIÑA	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.9090
14.GW.N P28	513.056,88	4.763.724,49	14.018	XALLAS	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.9070
14.GW.N P29	587.498,90	4.812.801,70	14.013	EUME	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.0090
14.GW.N P31	517.681,21	4.699.854,60	14.002	CALDAS - O SALNES	PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA/ SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS	Piezómetro	SUBSTITUE O 14.GW.9020





ANEXO II. PARÁMETROS A ANALIZAR EN CADA PROGRAMA DE CONTROL:





PROGRAMA DE CONTROL DE VIXILANCIA:

Analíticas bimensuais

nitratos
amonio
nitritos
nitróxeno Kjeldahl
amoníaco no ionizado
fosfatos
dureza total
cloruros
sulfatos
alcalinidade
carbonatos/bicarbonatos
carbono orgánico total (COT)
sodio
potasio
calcio
magnesio
estroncio
ferro disolto
manganeso
aluminio
arsenico
cobre
manganeso
mercurio
níquel
coliformes totais
estreptococos fecais
Escherichia coli

Analíticas semestrais

cadmio
cromo total
zinc
chumbo
selenio
estaño
cianuros

Analíticas anuais

Plag.organonitroxenados
Plag.organoclorados
Plag.organofosforados
PAH

PROGRAMA DE CONTROL OPERATIVO:

Analíticas bimensuais

nitratos
amonio





SUBPROGRAMA DE VIXILANCIA DE PRAGUICIDAS:

Mostraxe praguicidas-agricultura (herbicidas e insecticidas)

Plag.organonitroxenados

Plag.organoclorados

Plag.organofosforados

Mostraxe praguicidas-viticultura (fungicidas)

Plag.organonitroxenados

Plag.organoclorados

Plag.organofosforados

